

Henriko



#todotrucazos

#todotrucazos é un espectáculo de malabares e mais humor cheo de ritmo. É unha especie de autobiografía. A historia dun artista de circo que, tras ter cumpridos os 40 anos, decide voltar aos escenarios e retomar o espectáculo individual que tiña xunto ao seu irmán na súa mocidade (*The Jazzgling Brothers*). O artista está nervioso ao seu regreso, un pouco oxidado se cadra. Por riba semella que o seu estilo e gustos musicais quedaron algo desfasados. Pero este *showman* demostra que aínda está en boa forma realizando todo trucazos facendo honor ao *hashtag* que decidiu como título do seu espectáculo nun intento de se adaptar aos novos tempos. Todo iso acompañado por unha banda sonora de grandes éxitos que xa eran clásicos hai vinte anos (James Brown, Aretha Franklin, Blues Brothers) pero que aínda conservan unha enerxía increíble, por algo convertéronse en clásicos. Un espectáculo con aire nostálxico, con guiños á xeración dos nados na década dos 80. A derradeira en medrar sen internet. Os derradeiros que pasaran a infancia xogando todo o día na rúa con topes, cordas, canicas, etc. Sempre con feridas nos xeonllos e xeonlleiras no *chándal*. Unha xeración que agora ten que se adaptar aos cambios dunha sociedade tecnolóxica que muda a un ritmo vertixinoso.



NECESIDADES TÉCNICAS:

Duración: 50 minutos
Público: Familiar
Guión: Henriko
Mirada externa: Walter Velazquez
Espazo: Interior ou exterior
Dimensionés: ancho 6m x fondo 4m x alto 4m
Toma de corriente: 220v 1000W
Camerino: con baño
Acceso: con vehículo a pé de escenario
Tempo de montaxe: 120 minutos
Tempo de desmontaxe: 60 minutos
e-mail: henriko.circo@gmail.com
Redes sociali: @henriko.circo
Teléfono: +34 676825230



www.henriko.es